

POLÍTICA, MANUAL DE INSTRUCCIONES

125

[Fernando León de Aranoa, 2016]

ESTREA EN NUMAX: 17.06.2016 | V.O. | TODOS OS PÚBLICOS

FICHA TÉCNICA

Política, manual de instrucciones (2016, 115')

Dirección: Fernando León de Aranoa

Guión: Fernando León de Aranoa

Participación: Pablo Iglesias, Íñigo Errejón, Juan Carlos Monedero, Carolina Bescansa, José Mújica, Alexis Tsipras

Montaxe: Yago Muñiz

Son: Daniel de Zayas, Daniel Peña, Alfonso Raposo

Música: Antonio Sánchez

Fotografía: Jordi Abusada

Produtora: Mediapro, Reposado Producciones (España)

Distribuidora: Betta Pictures

Formato de proxección: DCP 2K, 1.85:1

FILMOGRAFÍA

Un día perfecto, 2013

Amador, 2010

Princesas, 2005

Los lunes al sol, 2002

Caminantes, 2001

Barrio, 1998

Familia, 1996

Sirenas, 1994 [curtametraxe]

SINOPSE

Un relato desde a cociña dun dos procesos políticos máis inesperados e vertixinosos da nosa historia recente, un seguemento detallado da construción de Podemos. Desde o comezo do proceso en 2014 no congreso de Vistalegre até as eleccións do 20-D, o filme reflexa os tropezos, os acertos, os éxitos, as contradicións e as crises da formación.

«Aguanta ben o tipo o filme de León de Aranoa sobre Iglesias, Errejón e compañía: fría, crítica, distinta, contraditoria no bo sentido».

Luis Martínez, EL MUNDO



POLÍTICA, MANUAL DE INSTRUCCIONES

[Fernando León de Aranoa, 2016]

“O valor do documental é que a xente de Podemos está en liberdade”

Entrevista con Fernando León de Aranoa

Por Iván Reguera

Moitos terán prexuízos antes de ver o documental. Calquera dá por feito a túa simpatía por Podemos. Sorprendeume a distancia que mantés. O traballo é pouco emocional, mais si didáctico, enfocado a coñecer a cociña da política. Vin poucos documentais deste calado. Esa distancia era intencionada antes da montaxe? Viches poucos porque non hai. Hai poucos. E moitos dos que hai están centrados en equipos de campaña, por exemplo. E hai poucos porque é difícil que non xa un partido, senón unha empresa ou institución, se abra a un traballo así. E coído que é o primeiro que hai que poñer en valor. Durante todo un ano permitíronnos traballar como o fixemos, e iso está na pantalla.

Sorprende a transparencia, que che deixaran entrar onde entraches, que digan abertamente o que din, sen posta en escena, sen actuar. Ese é o gran valor do documental. Fala ben do proceso, do feito de que o puidera rodar así. Semella que no documental non hai mediación da cámara, a xente de Podemos está en liberdade, discutindo e falando das súas cousas, da situación que están a vivir nese momento. E iso é xusto poñelo en valor porque o documental é como é grazas a eles, a ese retrato tan real das cousas. Todo foi grazas a eles.

Un dos referentes confesos é un documental sobre os Kennedy chamado *Crisis*. En 1963, Robert Drew propuxo a Robert Kennedy rodar como se manexa unha situación de crise. Kennedy aceptou con este argumento: «Nada me tería gustado máis ca poder ver o que pasou nos despachos da Casa Branca as 48 horas anteriores a que Roosevelt lle declarase a guerra a Xapón». Si, hai grandes documentalistas norteamericanos e Robert Drew é un

deles. A min o documental que máis cercano me resultaba de intención é o que mencionas de *Crisis*. A súa proposta é filmar unha situación de crise dentro da Casa Branca. E Robert Kennedy aceptou ese presuposto, que é o que nós propuxemos a Podemos, a posibilidade de brindar ao espectador un proceso tan difícil e tan intenso. E desde dentro. Iso é o que fai grande ao documental de *Crisis*.

A intención de *Política, manual de instrucciones* é que o vexa calquera votante, sexa do partido que sexa. Pero iso en España é un pouco complicado, non? Pero iso non implica que nós debamos deixar de tentalo. Igual que sería interesante outro documental dos outros partidos.

Sorprende Íñigo Errejón, que se come a Iglesias. Cando vas ver un documental sobre Podemos agardas ver moito de Pablo Iglesias, mais sorprende a brillantez de Errejón. Saes de ver o filme co peso de Errejón máis que co de Iglesias. Son complementarios, como o son Monedero ou Bescansa. Os personaxes son moi dispares.

Unha das cousas que se bota en falta no documental é o programa de Podemos, as súas solucións. Non hai contido político. Hai cociña, hai estratexias de comunicación... pero non hai programa. Ese contido non estaba desde o principio, quitáchelo se é que estaba? Os únicos momentos nos que aparecía o programa é durante a campaña, parte do seu traballo nese momento. Mais é certo que aparece moi pouco. Pensamos que iso xa estaba contado. Eles dedícanse a facelo, aí está o seu programa, é a súa misión. A nosa misión era plasmar como o elaboran, como o traballan, como o discuten internamente. O outro sería outro filme.

Que cres que vai pasar nas eleccións do 26 de xuño? Verémolo o 26 de xuño.

Pregunto que cres que vai pasar. Dígoo por Podemos. Reflectiches a súa creación, o seu subidón, o seu baixón, a súa madurez, a súa chegada ao Congreso... E agora? As enquisas din que lles vai ir ben. Imos ver que pasa.

Publicado en <http://www.cuartopoder.es/>
Tradución: Xan Gómez Viñas

NA LIBRARÍA NUMAX

Pablo Iglesias. *Biografía política urgente*. Iván Gil. Stella Maris, 2015
Una nueva transición. Pablo Iglesias. Akal, 2015 (des unidos). Manolo Monereo. Icaria, 2015
Los votantes de Podemos. José Fernández Albertos. La Catarata, 2015
Momentum. Orencio Osuna. Icaria, 2015
Claro que podemos. Ana Domínguez / Luis Giménez. Libros del lince, 2014
Ganar o morir. Lecciones políticas de Juego de Tronos. Pablo Iglesias (Coord.). Akal, 2014
Politics in a Time of Crisis: Podemos and the Future of Democracy in Europe. Pablo Iglesias. Verso, 2015
Podemos, sùr que nous pouvons! Carolina Bescansa / Íñigo Errejón / Pablo Iglesias / Juan Carlos Monedero. Indigène Editions, 2015
Non nos representen! Joaquín Miras. Corsarias, 2016
La apuesta municipalista. Observatorio Metropolitano. Traficantes de sueños, 2014
Hacia nuevas instituciones democráticas. Fundación de los Comunes (Ed.) Traficantes de sueños, 2016
Besos a la luz de la luna. VV.AA. Demipage, 2016

Un cinema,
unha librería
e un laboratorio
de gráfica e vídeo

NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega
Concepción Arenal, 9 baixo
15702 Santiago de Compostela
TELF 981 560 250 | www.numax.org


EUROPA CINEMAS
CREATIVE EUROPE - MEDIA SUB-PROGRAMME